

### **III CERTAME DE BANDA DESEÑADA “AXI”**

O IES Arcebispo Xelmírez e a Secretaría Xeral de Política Lingüística convocan o terceiro certame de banda deseñada “AXI”, no que participan os departamentos de debuxo, artes plásticas e imaxe, ademais do equipo de dinamización da lingua galega e a biblioteca do centro.

A través deste concurso, aberto á participación de estudantes de ensinanza secundaria, bacharelato e ciclos formativos de toda a comunidade autónoma galega, procuramos o fomento do noso idioma e da creatividade entre o alumnado galego a través da banda deseñada.

As **bases** que rexerán o concurso son as seguintes:

#### **1. Participación**

Poderá participar todo o colectivo de estudantes de Galicia, en dúas categorías diferenciadas por idades:

- Alumnado de entre 12 e 16 anos.
- Alumnado de 16 anos en diante.

#### **2. Temática**

O tema será de libre elección.

#### **3. Formato**

Cada participante presentará un único traballo, en lingua galega, cunha extensión non inferior a dúas páxinas nin superior a dez páxinas Din-A4. Será decisión dos autores ou das autoras a técnica a empregar e a presenza ou non da cor nas obras.

#### **4. Autoría**

Poderá ser individual ou colectiva, se ben a concesión dos premios para cada unha das categorías non variará en función dese factor.

#### **5. Prazo de presentación de traballos**

Quen desexe participar no certame deberá enviar os traballos, a través do centro educativo, ao enderezo [certameax1@gmail.com](mailto:certameax1@gmail.com), no que ha de achegar a seguinte información: nome e apelidos, idade, DNI, categoría na que participa e o nome e enderezo do centro no que estean matriculados.

O prazo de presentación irá desde o día 31 de xaneiro ao 16 de marzo de 2015, ambos os dous incluídos.

#### **6. Presentación dos traballos**

-Os traballos presentados deben indicar en que categoría concursan.

- Os traballos enviados por correo electrónico presentaranse en formato PDF, no enderezo [certameax1@gmail.com](mailto:certameax1@gmail.com) , cun peso máximo de arquivo de 10MB.
- Se o envío fose a través do correo postal, o traballo mandarase nun sobre pechado no que figure o título da obra e o pseudónimo elixido polo autor ou autora e a categoría na que concursa; dentro, noutro sobre tamén pechado, incluíranse os datos persoais indicados anteriormente.

En calquera caso, garantirase o anonimato das obras.

## **7. Xurado**

Estará formado por creadores/as ou artistas, así como por unha representación das entidades convocadoras.

O xurado poderá declarar os premios desertos ou facer nomeamentos específicos se a calidade dos traballos así o esixise.

## **8. Premios**

Ademais da publicación na rede dos traballos finalistas, establécense os seguintes premios para ambas categorías (alumnado de entre 12 e 16 anos e alumnado de 16 en diante):

1º premio: 500 €

2º premio: 200 €

Aos mencionados premios seralles aplicada correspondente retención de IRPF.

Cómpre recoller o premio persoalmente no acto de entrega, agás falta xustificada documentalmente. No caso contrario o premio pasaría a outro participante, previamente en reserva.

## **9. Aceptación das bases**

A concorrencia a este certame implica a aceptación destas bases.